



ACTA PLENO DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 15 DE XUÑO DO 2020.-

ASISTEN:

Sr. Alcalde:

Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo

Sres. Concelleiros:

Dna M^a Victoria Montenegro Paz.

Dna Olimpia Marcos García.

D. José Juan Vilar Rico.

Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.

Dna. Noelia Montero Candal.

Dna. Lucía Blanco García.

D. Luís Cendán Fernández.

D. Emilio Mesías Farías.

Dna. Cristina Cadena Freire

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e dezaoto minutos do día quince de maio do dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia presencial e telemática dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario D. Manuel Larrosa Rodriguez.

ASISTENCIA TELEMÁTICA- VIDEOLLAMADA

D. Marcos Carballo Sarmiento.

D. José Manuel Cendán Fernández

Dna. Josefina Martínez Martínez

Sr. Secretario

D. Manuel Larrosa Rodriguez

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm.1.- Sorteo mesas electorais proceso electoral ao Parlamento de Galicia (Decreto 72/2020).

Vista a convocatoria de eleccións, efectuada polo Real Decreto 72/2020, do 18 de maio, polo polo que se convocan eleccións ao Parlamento de Galicia o vindeiro 12 de Xullo de 2020, procedese acto seguido ó sorteo dos membros das mesas electorais, co seguinte resultado, dándose copia do mesmo os Voceiros de cada Grupo Municipal.

DISTRITO 1 SECCIÓN 1 MESA U:

PRESIDENTE: D/DNA.

1º VOCAL: D/DNA. JORGE ALDEGUNDE ALVAREZ.

2º VOCAL: D/DNA. EUDARDO MEIJIDE VILARIÑO.

SUPLENTES:





DO PRESIDENTE

1º SUPLENTE: D/DNA. JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ.

2º SUPLENTE: D/DNA. DAVID VILAS VARELA.

DO 1º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. DANIEL GARCIA MARTINEZ.

2º SUPLENTE: D/DNA. ANGELA M. CONEJO TEIJIDO.

DO 2º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. LAURA ANEIROS PIÑEIRO.

2º SUPLENTE: D/DNA. SERGIO FERNANDEZ MALVAREZ.

DISTRITO 1 SECCIÓN 2 MESA A:

PRESIDENTE: D/DNA. DAVID CORTIZAS FANEGO.

1º VOCAL: D/DNA. PAULA ALLEGUE RIOS

2º VOCAL: D/DNA. JOSE LUIS ALLEGUE FEAL.

SUPLENTES:

DO PRESIDENTE

1º SUPLENTE: D/DNA. JOSE MANUEL GONZALEZ ARES.

2º SUPLENTE: D/DNA. MARIA MERCEDES GONZALEZ BARRIENTOS.

DO 1º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. FRANCISCO JAVIER CASTRO CASTRO.

2º SUPLENTE: D/DNA. MARIA GLORIA DRAGO MOLINS

DO 2º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. JAVIER GARCIA DA SILVA.

2º SUPLENTE: D/DNA. RAMON MANUEL CARPENTE MARTINEZ.

DISTRITO 1 SECCIÓN 2 MESA B:

PRESIDENTE: D/DNA.

1º VOCAL: D/DNA. JUAN JOSE PORTELA DE LA PEÑA..

2º VOCAL: D/DNA. MARIA JOSEFA MARON CALVO.

SUPLENTES:

DO PRESIDENTE

1º SUPLENTE: D/DNA. JOSEFINA RICO GARCIA.

2º SUPLENTE: D/DNA. MARGARITA URIA COBAS.

DO 1º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. HEIDY VALDIVIA FERNÁNDEZ.

2º SUPLENTE: D/DNA. MANUEL SUEIRAS FEAL.

DO 2º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. JUAN M. SANCHEZ CARTELLE.

2º SUPLENTE: D/DNA. MARIA FLOR MARIÑO MAROÑO.





DISTRITO 1 SECCIÓN 3 MESA A:

PRESIDENTE: D/DNA. JAIME COIRA SANCHEZ DE TOCA.
1º VOCAL: D/DNA. RAUL ANGEL GONZALEZ GONZALEZ.
2º VOCAL: D/DNA. PILAR FACHAL GONZALEZ.

SUPLENTES:

DO PRESIDENTE

1º SUPLENTE: D/DNA. BARBARA GARCIA DOCE
2º SUPLENTE: D/DNA. VIRGINIA GONZALEZ MARTINEZ.

DO 1º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. ALEJANDRO GARCIA MONTEAGUDO.
2º SUPLENTE: D/DNA. MIGUEL JESUS LOPEZ LOSADA.

DO 2º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. JOSÉ ANTONIO CATIÑEIRA CASAVIEJA.
2º SUPLENTE: D/DNA. LUCIA CASTRO LEIRA.

DISTRITO 1 SECCIÓN 3 MESA B:

PRESIDENTE: D/DNA. MARIA CONSUELO RODRIGUEZ VIGO.
1º VOCAL: D/DNA. KIMBERLY PATRICIA RODRIGUEZ PEREZ.
2º VOCAL: D/DNA. JORGE ANGEL SOMORROSTRO LOPEZ.

SUPLENTES:

DO PRESIDENTE

1º SUPLENTE: D/DNA. BEATRIZ OGANDO PIÑEIRO.
2º SUPLENTE: D/DNA. ANA MARIA VARELA OTERO.

DO 1º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. MARIA PILAR PITA SANCHEZ.
2º SUPLENTE: D/DNA. BRAIS SEIJAS CARPENTE.

DO 2º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. ALEJANDRO PEREZ MARTINEZ.
2º SUPLENTE: D/DNA. XAIME REDONDO CASTRO.

DISTRITO 1 SECCIÓN 3 MESA C:

PRESIDENTE: D/DNA. DOMINGO MONTERO RODRIGUEZ
1º VOCAL: D/DNA. JONATAN REBORIDO CRESPO
2º VOCAL: D/DNA. MARTA MAYOBRE VARELA

SUPLENTES:

DO PRESIDENTE

1º SUPLENTE: D/DNA. TAMARA CARTELLE PATIÑO.
2º SUPLENTE: D/DNA. FRANCISCO JAVIER BOUZADA ALBELA.

DO 1º VOCAL





1º SUPLENTE: D/DNA. MARIA LUZ CANDAL BARBEITO.

2º SUPLENTE: D/DNA. JACOBO BARDANCA MARTINEZ.

DO 2º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. LIDIA CASTRO FEIJOO.

2º SUPLENTE: D/DNA. JOSE LUIS SALAMANCA GARCIA.

DISTRITO 02 SECCIÓN 1 MESA U:

PRESIDENTE: D/DNA. JORGE ALDEGUNDE ALVAREZ

1º VOCAL: D/DNA. EDUARDO MEIJIDE VILARIÑO

2º VOCAL: D/DNA. JOSEFINA MARTINEZ MARTIENZ

SUPLENTES:

DO PRESIDENTE

1º SUPLENTE: D/DNA. MARIA CARMEN ESPANTOSO REYES

2º SUPLENTE: D/DNA. DAVID VILAS VARELA

DO 1º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. DANIEL GARCIA MARTINEZ

2º SUPLENTE: D/DNA. ANGELA M. CONEJO TEIJIDO

DO 2º VOCAL

1º SUPLENTE: D/DNA. LAURA ANEIROS PIÑEIRO

2º SUPLENTE: D/DNA. SERGIO FERNANDEZ MALVAREZ

Punto num. 2.- Proposta modificación Ordenanza da Instalación de terrazas no municipio de Ares.

Dáse conta da proposta de modificación Ordenanza da Instalación de terrazas no municipio de Ares:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO MUNICIPIO DE ARES (BOP Nº 67, 08-05-2020)

O pasado 08.05.2020 publicábase no BOP da Coruña a ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Ares.

Tras a súa entrada en vigor e tras constatar a existencia de situacións de feito non contempladas na mesma, cómpre modificar tres artigos do documento normativo para recoller e regular de xeito máis apropiado algunhas situacións reais.

Por este motivo propónse o seguinte :

Derrógase o apartado a) do punto 1 do artigo 12 que dicía :

“ 1.- Ademais dos datos xerais de identificación do solicitante e do establecemento hostaleiro, acompañarase á solicitude a seguinte documentación:





- a) *Autorización dos propietarios dos inmobles estremeiros, no caso de que a solicitude contemple unha terraza encostada á fachada do edificio e pretenda rebasar a porción desta ocupada polo establecemento."*

Derrógase a última frase do apartado a) do punto 1 do artigo 16 que dicía:

Artigo 16.- Limitacións de emprazamento

1.- *A terraza deberá cumprir, con carácter xeral, as seguintes condicións segundo o uso do espazo no que se ubique:*

a) *En rúas de tráfico rodado a terraza situarásese na beirarrúa sempre que a súa dimensión e configuración física o permitan, segundo a localización que determine o Concello na autorización, procurando a accesibilidade universal a edificios e establecementos, así como ás persoas con discapacidade visual. **A terraza autorizada non poderá rebasar a porción de fachada ocupada polo establecemento, sen perxuízo dos acordos entre titulares de establecementos colindantes cuxa procedencia valorarásese polo Concello ..***

Modifícase o artigo 17 quedando redactado como segue:

Artigo 17.- Horario de actividade na terraza

1. O horario de apertura e peche será o establecido pola Comunidade Autónoma de Galicia para o establecemento, segundo o catálogo correspondente, sen perxuízo da potestade municipal de adaptación de horarios que, no seu caso, estableza a normativa autonómica.
2. O horario de peche, **que será ás 02.30 h**, implicará o cese efectivo de todas as actividades desenvolvidas na terraza e, en consecuencia, os usuarios non poderán permanecer na terraza a partir de dito momento, polo cal o persoal do establecemento deberá obrigar ao desaloxo efectivo da mesma **co tempo suficiente para que estea desaloxada ás 2.30 h.**

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que a proposta que se levou a comisión e que quedou aberta ao que aquí se poda sinalar implica o seguinte;

Derrógase o apartado a) do punto 1 do artigo 12, trátase de evitar que se pida autorización aos propietarios dos inmobles colindantes cando se trata dunha instalación na vía pública en consecuencia sinalabamos que había moitos inconvenientes agora que as licenzas vense a someter a informe técnico pois lóxicamente condiciona o outorgamento porque si é un requisito naqueles supostos nos que os propietarios digan que non aínda que non vivan pois nos esixen que teñan que dar o consentimento os propietarios e nos esixen que vivan no inmovible colindante a terraza, en Ares hai moitas casas vellas, baleiras, colindantes ao establecemento e non parece xusto que un propietario diga non sen vivir aí, ou que teña que dicir o propietario si ou non cando o que vive aí é un inquilino e ao inquilino non se lle escoitou xa no peor caso que se trate dun inmovible que forme parte dunha comunidade hereditaria e que teñan que asinar os doce, entón isto é un inconveniente terrible e esta é a razón pola que a queremos elimina, para velar polos intereses dos veciños estamos nós e si algún veciño non quere a terraza por algunha razón diante da súa fachada nolo comunica a calquera voceiro e podemos efectivamente valoralo aquí, pero non estar condicionados por situacións q pode levar a inxustizas.





Derrógase a última frase do apartado a) do punto 1 do artigo 16 onde sinala que a terraza que non podía exceder a porción da fachada ocupada polo establecemento que non teñen a posibilidade de ter a terraza na súa fachada, ou ben porque na súa fachada non hai beirarrúa ou ben porque efectivamente hai algunha outra situación a Ferradura se lle concedeu no xardín da igrexa de acordo con esta ordenanza tería que dar o consentimento o arcebispado que é o que é o propietario da fachada entón son cousas que deberíamos valorar no pleno os intereses xerais dos veciños/as e non estar condicionados por situacións que poden levar a inxustizas.

Modifícase o artigo 17, *horario de actividade na terraza*, aquí veu unha única proposta que é o peche de terraza as 02:30h durante todo o ano pero falamos na comisión da posibilidade de poñer un horario diferente, de feito abriuse o debate e había que dicía o horario de luns a xoves ou mellor de domingo a xoves porque o luns se traballa, e de venres a sábado e dúas franxas unha para inverno e outra para verán o un criterio da mesma hora ao longo de todo o ano pero ben, esta é a proposta que ven pero igual que nós debatemos neste momento, imaxino que agora hai opinións diferenciadas que por suposto podemos valorar aquí entre todos.

Esta é a proposta de modificación de ordenanza que cando se aprobou non pensaba para nada nas pandemias no Covid-19 e cunha situación efectivamente extraordinaria, agora temos a presión das terrazas porque ata o 1 de xullo non poden abrir, entón claro ata esa data non poden abrir e están presionando por ter terraza para poder reactivar a súa actividade económica e algúns como por exemplo o Golden ten unha terraza moi complicada por non sinalar a outro entón, esta é a situación coa ordenanza neste sentido creo que ganamos seguridade xurídica, tanto os colindantes porque hai colindantes que non viven e incluso que son moitos e en canto o horario ata agora tiñan as terrazas abertas co horario do establecemento, pero tamén é certo que os establecementos que tiñan o horario mais longo non a pedían as discotecas non tiñan horario e os pubs salvo o Bemol o resto pois tampouco, agora surxe o problema de que a terraza non pode ir da man da licenza porque senón o Boisson pide terraza e pide licenza ata as 06:00 porque é discoteca e non pode ter a terraza ata as 06:00 da mañá, entón temos que poñer un horario específico de terrazas con total independencia do horario de apertura ou peche do establecemento polo benestar dos veciños.

Remata o Sr. Alcalde a súa intervención.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando os bos días a todos/as e sinalando o seguinte, estamos de acordo en ter un horario de terraza ao horario de actividade e de licenza e o resto como xa manifestamos temos as nosas reservas. Ben é certo que estamos ante unha situación excepcional polo Covid-19 pero o que se está tratando de modificar non é para unha circunstancia concreta como fixemos a semana pasada cas axudas senón que é para unha ordenanza que é a ordenanza de situacións normalizadas entón consideramos que por unha situación excepcional non se debe modificar esa ordenanza anual senón que en todo caso como medida temporal no tempo en que houbo esta situación se poderían dar algunha variación. En todo caso xa a mesma proposta que vimos aquí di “ que son existentes de situación de feito” non contempladas na mesma e di “regular de xeito máis adecuado a unha situación normal” entendemos que o goberno como así o anunciou trae estas situacións que se lle foron presentando pero nós non vemos de todo xustificado unha variación neste sentido.





Esta ordenanza non é unha ordenanza que fixera o concello de Ares senón que é unha ordenanza tipo que hai en moitos concellos xa o discutimos cando foi aprobada e polo tanto nestes outros concellos tamén teñen esta mesma ordenanza, falemos que cando o dono dun local cando colle un local sabe as características e circunstancias do propio local e en moitos sitios non se lles permite terraza máis que o ancho da terraza entón esa medida non leva a que haxa ningún tipo de problema neste sentido, non hai ningún problema plantexado, o problema é cando se permite a terraza máis ala da fachada e se intenta regular dalgunha maneira como vai ser ese permiso, como en outras ordenanzas di que ten que contar co permiso do veciño pero hai moitas circunstancias que si que é verdade que hai moitos locais que dan a muros ou dan a propiedades onde non vive ninguén para iso non era necesario desvincular a autorización do veciño porque podería ser calquera outra historia por exemplo, se da a un muro ou senón da a unha entrada pois non sería preciso esa autorización, non é a mesma circunstancia unha terraza que vaia dar ao muro, que unha terraza que vai dar a unha vivenda entón consideramos que non debe haber esa diferenza entón polo tanto a nosa reserva a esta modificación non a imos a apoiar por todas estas circunstancias que dixen.

Remata o Sr. Mesías Farías dando a grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o que falamos na xunta de voceiros polo tema do horario propuxemos facer diferenza do horario de inverno a verán eu creo que isto non é pola pandemia, eu creo que isto é un acordo razoable para todo o ano e para sempre, creo que no inverno unha terraza ás 00:00h que é unha boa hora de recoller, a maioría dos locais a esa hora xa están pechados eu creo que hai que diferenciar entre o horario de inverno e verán como xa propuxemos o outro día, de domingo a xoves 00:00h e fin de semana venres e sábado 01:00h e no verán de domingo a xoves 01:00h. e fin de semana de venres a sábado 02:00h. Con respecto ao tema da autorización do propietario, eu o entendo o propietario da fachada para fóra non ten ningunha competencia, é competencia municipal e o concello a pode dar, pero hai que diferenciar e o concello creo que debe recollelo o tema dos muros ou das casas vellas pódese deixar montar terraza pero creo que hai que condicionar a licenza, a licenza ten que ser condicionada aos desperfectos que poden ocasionar os roces das cadeiras e das mesas que sexan responsabilidade do solicitante, O Bemol, O Muro todos eses locais que van a colocar as terrazas en muros ou en casa vellas rozase a fachada e despois ven o propietario denuncia ao concello, e o concello tense que facer cargo de esa fachada, hai que condicionar a licenza, a licenza ten que ser condicionada, que os desperfectos que se causen a facha como poden ser roces de cadeiras e mesas que sexa de responsabilidade do solicitante, e creo que o Bemol, O Muro e todos eses locais que están colocados nos muros ou en casas vellas que non e coller arrimar as mesas, as cadeiras rozar as fachadas e despois que veña o propietario e que denuncie ao concello e que o concello teña que facerse cargo de esa fachada, hai que condicionar a licenza que se lle permite sempre que os desperfectos causados nas fachadas sexa responsabilidade do solicitante por exemplo, no verde Mar pode coincidir a fachada do edificio tanto o Verde Mar como a Churrería eu creo que tamén hai que recollelo porque hai coincidencia de dous locais na mesma fachada, que se reparta a fachada por metros que teñen de fronte cada un, eu creo que iso debíamos de recollelo tamén porque aí pode haber un conflito porque aí chega un primeiro pon dez mesas e deixa a o outro sen nada, eu creo que iso temos que recollelo para evitar conflitos, hai dous negocios de hostalería hai unha fachada, hai que repartilo proporcionalmente aos metros de fachada e eu creo que iso e suficiente, nós si se fai iso imos a votar a favor.





Responde o Sr. Alcalde sinalando que os danos xerais xa forman parte da premisa do ordenamento xurídico que é o que cause un dano a outro ten a obrigaón de indemnizalo iso o di o código civil, en consecuencia iso xa está recollido na normativa é unha responsabilidade civil contractual regulado no art. 1902 e está claro que si as terrazas provocan danos a fachada está claro que é como eu no me coche non hai una ordenanza que o diga pero o di o Código civil nos termos xerais, entón iso xa está previsto no ordenamento, ademais os informes urbanísticos mandan separar as mesas das fachadas é dicir, entre as mesas e a fachada sempre queda metro e medio porque é obrigatorio deixar un paso salvo dentro do fronte do propio establecemento si é en fronte non existimos ese metro e medio porque nos quedamos sen beirarrúa pero nos colindantes si que existimos que se separen metro e medio das propiedades alleas é dicir, o titular da terraza non ten obrigaón de separada si a fachada é súa pero si a fachada non é súa ten que separala metro e medio.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que pode haber un problema porque ti separas da fachada metro e medio pero por exemplo no Bemol de onde era antes o caballo baio se separas metro e medio da fachada metes no vial, entón estas interrompendo o tráfico.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que neses sitios a terraza se concede cuns informes urbanísticos que vaina a marcar no plano é dicir, ata agora había ese problema porque as licenzas concedíanse en punta de goberno sen informe de urbanismo ágora o informe vai sinalar a posición das mesas , porque marcar a terraza como fixemos o ano pasado con marcar os bordes con pintura protexía os viais para que as terrazas non se votaran sobre o vial pero a distribución interior a decidían eles ágora non, ágora as mesas van sacadas nun plano entón, teñen que poñer as mesas como vai no informe que recolle a licenza é dicir, a licenza di tantas mesas e colocadas así, si hai danos na fachada se responden deles coa normativa xeral, non fai falta repetilo en todas as ordenanzas para iso están os principios xerais do dereito o di o código civil, si ao lado está outro establecemento efectivamente nos vemos que protexer eses intereses é dicir, non é o mesmo conceder unha ampliación de terrazas sobre un inmovible que non ten una actividade no baixo que sobre un inmovible que tema unha actividade no baixo, aí si que mentres sexa preceptivo o informe urbanístico ten que te en contra esa realidade, si hai outro bar ao lado está claro que non lle pode ocupar a terraza o solicitante dunha delas, pero por iso velamos todos é dicir, a hora de concedela iso o valoran os técnicos de urbanismo a policía e nós ao votar a favor ou en contra sen caer en condicionantes alleos porque que pasaría si hai un acorde entre eles, pois que llo temos que dar aínda que non queremos por outras razóns lla temos que dar porque cumpre os requisitos e si non o cumpren o temos que denegar aínda que non viva ahí.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que si un deles solicita primeiro a licenza e o outro no a solicita de momento e despois pide a ampliación.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que iso non se pode consentir.

Continúa o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que está de acordo, pero iso xa pasou o ano pasado e vai a volver a pasar por iso é mellor recollelo porque si un mes despois solicitan e e está ocupando que fas, llo vas a quitar ao outro non, hai que condicionala ao haber dous locais se teñen que centrar ao fronte da fachada por iso hai que recollelo.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que para iso está o informe de urbanismo, ti imaxínate que se poñen de acordo e non hai ningún problema, para que o imos a condicionar, para que imos a poñer esa situación esa realidade xa se contemplan nos casos concretos por exemplo no





Pedregal, uns se votan enriba doutros e aínda encima hai protestas se queixan entre eles, o que máis se queixa é o que non a paga ademais de non pagar a terraza que estivo un ano sen pagala, aínda encima plantexa problemas sempre e aínda así o protexíamos lle dabamos o fronte pero o outro non ten fronte a ten na rampla, na lingueta e iso é un tema de Portos e a tiñamos que conceder no Pedregal é o seu fronte e tiñamos que dividir o Pedregal entre as dúas terrazas pero o facíamos nós, como nos dicía a policía e os técnicos de urbanismo, tomabamos nós a decisión e si efectivamente houbera unha norma que dixera que a fachada ten que estar no fronte Charo non tería terraza porque ten a lingueta, e si esiximos que ten que autorizar o colindante como o do edificio lle diga que non, Charo non monta terraza, non a monta porque en fronte ten o porto e si o veciño se leva mal con ela non a monta, e segundo esta ordenanza ten que ter o consentimento do de el lado e o veciño di que non aínda que non viva aí non a pode montar, e xa non digamos unha casa en ruínas de quince herdeiros e sete en América que lle imos a esixir que traia o consentimento de todos isto foi algo que se fixo co corazón que forma parte de maneira tradicional do contido da ordenanza reguladora pero que hoxe se manifesta anacrónico, como vai a estar condicionada unha actividade económica a un si ou un non dun veciño que a o mellor non vive que ao mellor é un banco ou son vinte ou ao mellor lle di que non porque se leva mal como vai a obedecer un bar a ese criterio, autorizo a terraza mentres a tiña tal e agora como é un amiguiño teu nos ves a esixir que si, e nós autorizando si ou non en función do capricho dun veciño, que non digo que sexan cousas caprichosas q habrá veciños que teñen toda a razón pero veñen aquí nolo explican e o temos en conta, pero sen estar atados por un si ou por un non sen que iso sexa un requisito condicionante da licenza porque temos agora mesmo unha terraza dun edificio de setenta e dous pisos, ten que ir o tema a unha reunión da comunidade de propietarios imaxinaros o que se vai a producir aí, o xa non falemos das comunidades de propietarios que exclúen os baixos porque saben que van ter actividade comercial das decisións da comunidade entón, como o baixo é dun tío que vive en Ordenes deixa poñer todas as terrazas que sexa aínda que no primeiro vivan cinco dependentes entón eu creo que non debemos de atarnos, non debemos poñer isto como un requisito sen ecuánime, e vostede que é para dicir que si senón vive en todo o ano, ou que di que non e a vostede que lle importa, e se lle da 500€ por deixar poñer a terraza si, e que saco eu porque máis de un efectivamente veu así, entón isto formará parte de ordenanzas e se copiará pero é un problema complicado e o peor de todo é que nos leva a unha situación arbitraria, cal é o criterio para dar terraza entón este ten terraza porque di que si aínda que moleste e de por saco, e vostede sei que non molesta que non vive ninguén pero non a pode da, en dereito as licenzas non poden estar sometidas a esta arbitrariedade, sería inxusto que Charo non pode poñer terraza porque o do lado lle pide 500€ para decirlle que si, que non é o caso, pero non pode ser, e cando nos dimos conta disto pois agora, cando queremos regularizar a situación e meter a licenza regrada e que haxa informes de urbanismo entón con esta situación nos vemos con este lío, aquí non houbo mala fe, intentouse regular o mellor que se pode pero o dereito é así, cantas veces houbo que derogar normas porque non se conseguiu a finalidade para o cal se aprobaron, e isto efectivamente é un encordio pedir o consentimento aos veciños, non é por desprezo a eles porque nós estamos para defender os seus intereses, a calquera de nós nos pode vir un veciño, sei que se solicitou esta terraza a pediu nestas condicións e aí hai un lugar que se estreita, si lle das esta última mesa eu non dou entrada no garaxe, pois por suposto todo iso o temos en conta, que pide a terraza pois ben en vez de dez mesas, oito, as outras dous non as pode montar porque senón o sr. non xira, pero non condicionalo iso o temos en conta e valoramos o interese xeral, pero non que esté condicionada. Por outro lado, nós tamén temos fachadas o Boisson pide montar terraza nas escolas do lago, somos os propietarios, que imos a informar si, nas nosas fachadas non pero nas dos veciños si, é un marronazo ter que informar nós desa situación, eu creo que é mellor





metelo na licenza e prescindir dos propietarios e valorar o interese no ámbito do expediente, como un elemento máis a valorar pero non como requisito condicionante.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que en canto o horario podemos facer unha valoración rápida, non sei si vos parece ben o horario de inverno e de verán, en inverno ás 00:00 ou 01:00 é dicir de domingo a xoves 00:00h e venres e domingo 01:00h e en verán unha hora máis, de domingo a xoves 01:00h a 02:00h e de venres a domingo en vez de 01:00h a 02:00.

O Sr. Alcalde pregunta si lles parece ben a todos.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que prefere que quede ata ás 02:30h, en inverno non hai problemas cas terrazas porque reducir o horario.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que polo menos queda regulado e si alguén se excede tes algo que dicir, é igual cas praias, en maio as praias non se pode ir co can é unha previsión.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que no mes de novembro que soe facer bo tempo imaxínate ti a cantidade de xente ás dúas ou tres da maña a xente ten que traballar e miúdo cachondeo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o tema é fixar un criterio que nos convenza a todos, non vai a ser a maior solución pero si a máis próxima do que cada un pensa entón, a min ese tema que o valoramos nós en comisión de goberno, non é un mal criterio ao fin e ao cabo e media hora menos que é cando realmente nos preocupa a actividade económica e en inverno ata a 01:00 e si ven bo día en semana santa o una alfombra está ata a 01:00 pois non pasa nada que está todo Ares colocando flor entón ben, hai que ter certa man, isto a nós nos resulta un pouco, non sei como dicilo é que non temos policía pola noite, se poñemos unhas normas que non se poden controlar que vai a estar polas noites, a garda civil porque os concellos como Ares non ten obriga de ter policía nocturna entón tamén e certo que moita norma e despois que a mira.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hai dous días en Ares como o día de San Xoan ou a Alfombra que hai que pasar.

Continúa o Sr. Alcalde, por iso digo isto para que se fai, por si un día hai un barullo, si un día as catro da maña está montando un cisco, ten que estar pechado as doce que é martes de outubro, ou a unha ou ás dúas, pero ter algún elemento que exclúa a arbitrariedade que non haxa ningunha norma e que exclúa a arbitrariedade entón, estamos todos de acordo co horario de verán e inverno, en inverno de 00:00 a 01:00 de domingo a xoves e de venres a domingo a 01:00 e en verán de domingo a xoves 01:30 e de venres a domingo 02:30 para que sexa proporcional.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que en inverno non hai ninguén ata a 01:30 non, ata a 01:00.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que entón en inverno ata as 00:00 e 01:00 e en verán sábados e domingo 02:30.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que en verán deixaría toda a semana 02:30h.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que sábados e domingos de verán 02:30, e de domingo a xoves 01:30 para que sexa proporcional e en inverno de domingo a xoves 00:00h e de sábados a domingos 01:00.

Intervén novamente a Sra. Marcos García dicindo que ela deixaba en verán ata as 02:30 de luns a luns.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que se trata de chegar a un consenso, trátase de chegar a un acordo.

Intervés a Sra. Marcos García sinalando que tamén o padecín moitas veces, pero son dous meses.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que eu o vivo na miña rúa e prefiro as terrazas da Federico García Expósito que os rapaces facendo botellón na rúa San Xosé, nesta rúa non hai terraza pero se sentan nas escaleiras ata as tantas, que preferían os veciños da ciscada as terrazas ou o botellón na esquina da farmacia nova que hasta lle rompen os bloques, hoxe xa non hai tanto problema cas terrazas son outras actividades, hai máis queixas cos botellóns no palco cando dan as catro da mañá e hai doce ou quince no palco iso é o que molesta entón, cada vez temos máis actividades non regradas e moi molestas non soamente son as terrazas, van ao gadis compran bolsas e se poñen onde queren ademais abren o maleteiro do coche e poñen música esa é unha realidade fronte a que non temos recursos porque non temos policía local nocturna, ao do bar baixas e lle dis onte te pasaches un pouco e intenta controlar a terraza o botellón non o controla ninguén, o do bar non quere líos, si un día se pasa ao día seguinte intenta non pasarse, por iso digo que eu creo que as terrazas non son o problema poderían estar perfectamente ata as 02:30h o problema son outras actividades sobre as que non hai control, as terrazas están baixo supervisión, o botellón non entón, 01:30h e 02:30 en verán e 00:00 e 01:00 en inverno podería se o consenso.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que hai varias cousas, loxicamente o que excede da fachada non é propiedade do veciño, niso estamos todos de acordo, é un espazo que non é propiedade do veciño, pero tampouco é do hostaleiro, nese sentido vai a haber un aproveitamento lucrativo dunha parte que excede a fachada.

Interrompe o Sr. Alcalde sinalando que se paga, canto máis grande sexa a terraza máis paga.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que si, pero que é por iso que as terrazas que consultamos ceñíanse simplemente a fachada e en moitos sitios só poden utilizar a fachada, o caso que nos trae é distinto, nós queremos que utilicen algo máis ca fachada entón ese criterio na ordenanza recae nese sentido porque presentan outro tipo de problemáticas. Acaba de dicir o Sr. Alcalde que cando se instale nunha fachada que non sexa a do local vaise a esixir metro e medio de separación, pero aí imos outra vez a uns casos concretos, que é que so poden cumprir os locais que dan ao peirao, e nin así porque, porque a ordenanza di que non se pode poñer a ordenanza no empedrado que só se pode poñer na beirarrúa polo tanto, se separas ese metro e medio da fachada que non é local, xa se ten que meter no empedrado, polo tanto incumpriría a norma, a non ser que teña de beirarrúa os tres metros ou sexa, metro e medio para a terraza e metro e medio de separación a fachada. En canto a casuística de Redes xa o comentamos moitas veces, aí o que hai é un aproveitamento dunhas prazas públicas e imos outra vez a uns





casos concretos e iso só o poden cumprir os do peirao e nin así porque, porque a ordenanza di que non se pode poñer terraza no empedrado que só se pode poñer na beirarrúa polo tanto, si separas ese metro e medio da fachada que non é local a xente tense que meter no empedrado. En canto a casuística de Redes xa o comentamos moitas veces, aí o que hai é un aproveitamento dunhas prazas públicas e e niso tamén outros concello ordenaron e como ordenaron, dunha maneira racional a praza pública debe ser un espazo de utilización, pero non só polos bares, en Coruña por exemplo había anos onde a terraza excedía máis ala dos soportais e limitaron a súa utilización aos soportais e pouco máis e utilizaron o resto da fachada para o aproveitamento, que é o que pasa en Redes, que no verán case non hai prazas publicas porque teñen un aproveitamento lucrativo dos locais, iso é outra maneira de velo, pero tamén é outra casuística. Modificar esta historia presenta tamén unha serie de problemáticas entón igual, queremos desvestir un santo para vestir outro, porque igual agora os que van a protestar son os veciños que non van a ver posibilitado nin sequera a protesta nese sentido, cando di o Sr. Alcalde que cando aquí se protesta se escoita aos veciños/as claro, a ordenanza veu porque houbo un problema, un problema que non resolveu o concello e que xa votamos unha vez e que todo tivo que resolverse a través do valedor do pobo, entón claro o veciño non sei de que maneira se vai a ver apoiado polo concello porque si vai a seguir a mesma historia do anterior , é dicir, que é moi difícil como acaba de dicir o Sr. Alcalde é moi difícil atender todas as casuísticas complicadísima neste sentido, pero entendemos que esta non é unha solución que vaia a votar por terra todas as problemáticas que nos van a saír, e como consecuencia esta proposta pode abrir outro tipo de problemática por iso é polo que nós non o podemos valorar.

En canto o horario si que é certo que hai actividades moito máis molestas e moitas veces cunha terraza pero claro, pero si nós abrimos o horario ata ben entrada a madrugada como lle podes dicir a uns nenos que o Sr. Alcalde sabe moi ben a problemática que había no palco onde ían a xogar ao baloncesto as 00:00h da noite nunha praza que retumba todo e que todos os veciños estaban molestos claro, se unha terraza pode estar ata as tantas da noite como limitamos que pode haber vida ata as tantas da noite, aí xa vemos o problema que temos en Ares e na sociedade española, España fai moita vida na rúa e ahí que atender a esa circunstancia, en Europa xa non pasa isto entón, tamén hai que atender a esa cuestión política cara a onde queremos ir nós, si se fai a vida na rúa durante todo o verán, obviando que hai xente que traballa porque a min me parece que a xente que traballa e ten dereito ao descanso ou ter de feito que Ares é turístico o cal eu teño as miñas serias dúbidas, eu creo que o turismo en Ares en unha das actividades máis salientables que ten pero non é do que vive o concello de Ares, polo tanto non se pode entender como que a economía do concello de Ares a mantén o turismo entón é por iso polo que nós presentamos as nosas reservas e non imos a dar o noso voto a favor, tampouco o imos a dar en contra porque xa digo gustaríamos telo moitísimo máis claro como aquí se presenta.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. José Manuel Cendán Fernández si está de acordo co horario proposto.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que en canto a proposta presentada imos a abstermos aínda que o horario parécenos ben, nós fixemos unha serie de proposta e queremos que sexan recollidas para evitar conflitos que vai a haber, eu precisamente son hostaleiro e estou vendo as cousas hai que facer uns cartos pero que non se moleste aos veciños/as, hai cousas que se poden ir das mans e eu creo que pode estar mellor, non soamente e aprobar e que non poden facer o que lles da a gana, falaches da terraza nas escolas





do lago e aí temos a aula rehabilitada e vai a haber conflitos, hai un valor invertido alí e todos sabemos o que é a noite alí, eu pódooche falar de cando eu estaba de Alcalde e os do edificio que está ao lado veu a montarme unha gorda porque claro, eu veño a veranear aquí e levo todo o verán sen poder durmir e eu lle dixen señora estes negocios traballas mes e medio dous como máximo e teñen que aproveitar un pouco pero claro, hai que facer algo para que non se moleste aos veciños, a xente que ven de vacacións pois está de vacacións pero hai xente que ten que traballar e que teñen que madrugar, hai moita xente que se levanta as seis da mañá e as dous da mañá hai xente de cachondeo na rúa, e o problema é na rúa é preferible que este dentro do local, ninguén lles di que non traballen e que non aproveiten a noite pero dentro do local que está insonorizado por lei por iso creo que isto hai que pensalo ben porque nos vai a traer problemas de domingo a xoves a xente ten que descansar algo, non é soamente pensar na festa digo eu, entón temos que coordinalo e facelo ben, porque non é liquidar o problema na hostalería, non, a hostalería ten que ser consciente que se lle está a facer un favor e se lles está axudando e que hai que cumprir unhas normas, senón non poden funcionar, temos que convivir todos, os que nos gusta a festa e os que non lles gusta a festa e se van cedo a cama, que haxa unha normalidade, iso é o que nós queremos e iso é o que queremos que se recolla, o ides a aguantar máis os que estades gobernando porque van a montar uns cristos, e o que hai que evitar é iso, evitar ao cen por cen non vai a pasar, e hai que ter en conta que hai algún veciño pelma que se vai as oito ou as nove para calma e que se levantan as cinco da mañá para ir para a rúa e non, iso non o podes facer, a xente ten que traballar e vivir un pouco a noite saír de festa que iso lle gusta a todo o mundo e máis aquí en Ares, pero hai que pensar na xente que está na casa, iso é o que temos que facer, e concienciarnos niso. En canto o horario eu o vexo ben, media hora arriba ou abaixo está ben que este recollido e si hai algún facendo o parvo se chama a garda civil e que se lle meta un paquete, iso ten que estar aí porque hai que recollelo e canto máis se recolla máis forza imos a ter para dicirlle a xente o que hai, vostede non pode estar facendo cachondeo porque aquí hai unhas normas e hai que cumprilas, nós en todo caso senón se recolle nos imos a abster e estamos de acordo co horario.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando se o horario de inverno 00:00h e 01:00h e inverno de 01:00h a 02:00h.

Responde a Sra. Marcos García dicindo de 01:30h a 14:30h.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que media agora arriba ou abaixo é igual.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que si poñemos ata as 02:30h sería ata as 03:00h eu o teño clarísimo, entón mellor e poñer 00:00h e 01:00h e 01:00h e 02:00h.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que hai que pensar que é unha hora prudente que poden estar dentro do bar, o que queira que vaia para dentro, non lles estamos a pechar a porta que fagan un duro pero que non molesten aos demais todos temos que convivir e son horas prudentes, en inverno xa non vai a haber ninguén polo mal tempo en inverno en Ares non hai ningún bar aberto practicamente o problema o vemos de primavera para diante cando van os días a máis que a xente quere festa pero si queren festa que entren no local.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que o horario non ven mal pero si imos a un caso practico concretamente en Ares o que é o paseo marítimo é igual 02:00 que 02:30 porque a xente non a vas a sacar da rúa, van a estar no peirao a xente non a vas a sacar da rúa habendo calor do 15 de Xullo ao 15 de Agosto é unha festa si esta cheo o peirao que non





podes camiñar, a min dáme igual 02:00h que 02:30 agora no caso concreto que a xente quere durmir pois en verán sabemos o que hai e hai que sacrificarse un pouco e a xente vai a estar na rúa ninguén se recolle para casa e sobre todo si ven un día bo, esa é a realidade, a ordenanza non vai a regular todo, é unha proba e sacaremos conclusións para o ano e melloraremos, isto se trata de poñelo a andar e regulalo dalgunha maneira pero si o verán son dous meses, que pasa si cambiamos a ordenanza en setembro non pasa nada.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que o horario de inverno está ben pero no verán eu pondría as 02:30h que é cando pechan os bares.

Continúa o Sr. Luis Cendán Fernández sinalando que nós podemos ampliar o horario en festas, de feito o facemos, a 03:00h e 03:30h co cal si hai algún problema de horario en festas ampliamos o horario e acabouse.

Intervén o S. Alcalde manifestando que a proposta é, manter a derogación dos apartados a) do art. 1 tanto do art. 12 como do ar.16 e en canto a modificación do art. 17 pondríamos un horario de inverno que sería de domingo a xoves as 00:00h e venres e sábado a 01:00h, e un horario de verán que sería de domingo a xoves 01:30h e de venres a sábado 02:30h.

Sometida a votación a PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO MUNICIPIO DE ARES (BOP Nº 67, 08-05-2020) votación o Concello Pleno por 9 votos a favor (7 PSdeG-PSOE, 1 de NAL), e 5 abstención (2BNG, 3PP) acorda prestar a súa aprobación

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trinta minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

